

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE TRANSPORTE REGULAR DE VIAXEIROS NA MODALIDADE DE CONCESIÓN NO CONCELLO DE LUGO

Sendo as 13:30 horas do día 5 de novembro de 2014, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma Sra. Rosana Rielo Rozas, Oitava Tenente de Alcalde en substitución da Concelleira delegada da área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación, actuando como vocais, dona M^a Esther Muñoz Mella, polo Grupo Municipal do P.S de Galicia PSOE, don Ángel Trabada Gómez, polo Grupo Municipal do Partido Popular, dona Paz Abreira Sobrado polo Grupo Municipal do BNG, don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Xeral do Concello, dona Ana I. Sáez Mancebo, pola Asesoría Xurídica e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, Xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello. Tamén asisten ao acto dona Carmen Carballedo Fernández e don José Vidal Penelas, en representación de AUTOBUSES URBANOS DE LUGO S.A e don Alfredo Ibañez en representación de SALAMANCA DE TRANSPORTES S.A.

Abre a sesión a sra Presidenta e procédese por parte do secretario da mesa a dar lectura ao escrito presentado ante a mesa de contratación por don José Reigosa García, xefe do Parque Móbil Municipal, no que tras realizar unha serie de manifestacións, solicita que se lle exima de participar na valoración das proposicións presentadas no procedemento de referencia ao non considerarse capacitado nin cos coñecementos técnicos necesarios para a valoración dunhas ofertas de semellante envergadura.

Tras analizar detenidamente o escrito presentado polo citado funcionario municipal e tras levar a cabo unha valoración dos argumentos postos de manifesto no mesmo, os integrantes da mesa acordan por unanimidade manter a solicitude de informe ao xefe do Parque Móbil Municipal en base aos seguintes criterios:

- O obxecto do informe solicitado debe referirse únicamente a dous aspectos concretos da valoración, o plan de mantemento e o plan de renovación da flota de autobuses, aspectos nos que o citado funcionario interveu la elaboración das condicións incluídas no prego de prescricións técnicas que rexe na licitación.
- Consta á mesa de contratación a acreditada experiencia do citado funcionario tanto na elaboración de pregos de prescricións técnicas como de informes técnicos de valoración de proposicións en relación coa práctica totalidade dos vehículos adquiridos polo Concello de Lugo durante os últimos anos.

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA

Refª: Acta solicitude xefe parque móbil xestión transporte urbano

Asunto:


- Non se considera necesario que o citado funcionario forme parte do equipo técnico encargado da valoración, podendo limitarse a súa intervención, se así o considera, á emisión dun informe en relación coa valoración dos dous citados aspectos concretos.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 14:05 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA



Asdo. Rosana Rielo Rozas



O SECRETARIO



Asdo: Manuel Louzao ALdariz